

## ORIENTACIÓN

---

### MAPAS

Son representacións dun terreo nun plano, normalmente papel. A escala dun mapa é a relación que existe entre unha distancia no mapa e a mesma na realidade. As escalas máis empregadas nos mapas dos excursionistas son:

Escala 1: 10.000	1 km equivale a 10 cm	1 cm é igual a 100 m
Escala 1: 25.000	1 km equivale a 4 cm	1 cm é igual a 250 m
Escala 1: 50.000	1 km equivale a 2 cm	1 cm é igual a 500 m
Escala 1: 100.000	1 km equivale a 1 cm	1 cm é igual a 1.000 m

Hai tres clases de distancias:

- Distancia real: é a que percorremos andando.
- Distancia natural: a distancia en liña recta no espacio que separa dous puntos.
- Distancia reducida: é a distancia perpendicular ás verticais dos dous puntos.



### CURVAS DE NIVEL

É cando suponemos o terreo cortado por planos horizontais, a unha distancia determinada e constante entre eles. O perímetro da superficie de corte nun plano é a curva de nivel correspondente á altura do plano de corte.

Canto máis xuntas están as curvas de nivel, maior é a pendente nesa zona do terreo. En terreos bastante chans, as curvas de nivel están moi separadas e formando liñas moi irregulares.

Para trazar unha ruta é moi importante ter en conta e coñecer as curvas de nivel, xa que:

- Unha ruta que corte perpendiculares, ou en ángulo próximo a 90°, ás curvas de nivel, significa moita pendente.
- Unha ruta que corte en ángulo moi agudo ou transcorra bastante paralela ás curvas de nivel, a pendente é mínima.

### TRASLADO DUN RUMBO DA BRÚXULA Ó MAPA

Se nos atopamos nun lugar difícil de precisar como un camino, e queremos saber en qué punto estamos, faremos o seguinte:

- Buscamos un elemento do terreo situado máis ou menos en ángulo recto con nós e que poidamos identificar no mapa. Apuntamos hacia él coa frecha de dirección do rumbo.
- Xiramos o limbo ata que a agulla apunte ó norte do mesmo.
- Situamos o borde da agulla sobre o mapa, de forma que pase polo elemento do terreo que eleximos. Xiramos a brúxula enteira ata que as liñas de orientación sexan paralelas ós meridianos e o norte do limbo apunte á parte superior do mapa. O punto onde corte o borde da brúxula co accidente xeográfico onde nos atopamos, será a nosa situación.